



CELEBRACIÓN EN OS COTOS

26-27 de xullo do 2025

XVII SEMANA DO TEMPO ORDINARIO C



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,

E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *Que ledos hoxe estamos*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Estas semanas pasadas témonos atopado con que Xesús nos convida a seguilo dende unha decisión libre, quere enviarnos para sermos testemuñas do evanxeo amando ao próximo como a un mesmo, acollendo e escoitando. E hoxe Xesús apréndenos a rezar.

Para iso estamos aquí, vimos á igrexa a rezar, a falar co noso Pai Deus. Pero moitas veces rezamos con rutina, sen darnos conta do que dicimos, repetindo palabras aprendidas que non din nada, pois non saen do corazón.

Xesús móstranos como a nosa oración ten que saír do corazón: falamos cun Pai, cun amigo, para mostrarlle as nosas necesidades e os nosos agradecementos. Non se trata de repetir sempre o mesmo, senón que, coa confianza dun fillo, saibamos expresar as nosas preocupacións e desexos. Recemos así.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Queremos agora rezar co corazón, porque non nos abonda coas palabras. Non se trata de convencer a Deus, é máis ben poñer vida no que dicimos, e o que dicimos queremos que nos sirva na vida para pedir perdón:*

Monitor/a

- ✓ Recoñecemos que ás veces preocupánnos máis as palabras que os feitos, por iso, Señor ten piedade de nós.
- ✓ Recoñecemos que na vida, ás veces, andamos con demasiadas presas e non temos tempo de silencio e reflexión que nos axude a crear un clima de oración, por iso, Cristo ten piedade de nós.
- ✓ Recoñecemos que, ás veces, nos falta fe, nos falta confianza, nos falta ilusión, nos falta corazón, e nos sobran palabras, por iso, Señor ten piedade de nós.

Celebrante: *Deus, Pai agarimoso, ten piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón, e das persoas que son rexeitadas por pensar, vivir ou crer diferente. A todos nos concede o Señor o perdón dos pecados, e a todos, por Cristo, confiamos que nos leva á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentándolle a Deus o que nos preocupa de verdade e as necesidades das persoas e pobos que están á procura de acollida e comprensión. Amosámolle a Deus que estamos escandalizados co nada que vale a vida en Palestina.*
(Silenzo)

Celebrante:

Pai Bo, ti es o amparo dos que esperan en ti, e sen ti nada é santo nin ten valor; guíanos para que, facendo un bo uso dos bens da terra, sexamos merecentes dos dons eternos.

Pedímoscho por Xesucristo que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *A palabra de Deus que agora imos ler axúdanos a descubrir que a oración é permanente diálogo aberto con Deus.*

Con Cristo descubrimos que a súa oración nace da vida e busca implicar a Deus na vida; é un bo día para avaliar como rezamos, non canto oramos senón como é a nosa oración.

Leccionario I-C páx 224 **Xen 18, 20-32** **LECTURA**

LECTURA DO LIBRO DA XÉNESE

Daquela dixo o Señor:

- "O clamor contra Sodoma e Gomorra é moi grande; o seu pecado é grave. Vou baixar e ver se este clamor que chega onda min corresponde cos feitos; e se non, sabereino".

Os homes dirixíronse desde alí cara a Sodoma, pero Abraham quedou diante do Señor. Abraham adiantouse cara ao Señor e preguntoulle: - Por caso aniquilarías os inocentes cos culpables? Se houberse cincuenta xustos na cidade, aniquilaríalos tamén, e non perdoarías o lugar por mor dos cincuenta xustos que houber nel? ¡Lonxe de ti facer tal cousa! Matar o inocente co culpado, e que teñan os dous a mesma sorte. ¡Lonxe de ti! O que xulga a terra enteira, non vai facer xustiza?"

O Señor respondeu: - "Se houberse cincuenta xustos en Sodoma, perdoaría a toda a cidade por mor deles".

Abraham insistiu: - "Perdoa o atrevemento de lle falar ao meu Señor, sendo eu pó e cinsa. Se para cincuenta xustos faltan cinco, aniquilarías por culpa dos cinco toda a cidade?"

Respondeu o Señor: - "Non a destruirei, se atopo corenta e cinco".

Abraham insinuou: - "Se cadra, hai corenta".

El respondeu: - "Non o farei, en vista dos corenta".

Abraham dixo: - "Que non se enfade o meu Señor, se volvo falar aínda. E se houberse trinta?".

El respondeu: - "Non o farei, se atopo trinta".

Abraham teimou aínda: - "Voume atrever a lle falar outra vez ao meu Señor. Podería ser que houberse vinte".

Respondeu o Señor: - "Non a destruirei en graza aos vinte".

Abraham dixo: - "Que non se alporice o meu Señor, e falarei aínda unha vez. E se houberse dez?"

El respondeu: - "Non a destruirei por mor dos dez".

Palabra do Señor

🎵 *nº 18* *Escoita ao Señor* *SALMO*

(en pé) *Lecc I C páx 226* *Lc 11, 1-13* *EVANXEO*

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Dunha vez despois de estar Xesús orando en certo lugar, un dos discípulos pediulle:

- Mestre, apréndenos a rezar, como lles aprendeu Xoán aos seus discípulos.

Respondeulles:

- Cando recedes, dicide:

Pai, ¡sexa santificado o teu Nome!

Pai, ¡veña o teu Reino!

Dános cada día o noso pan.

E perdoa os nosos pecados,

como tamén perdoamos nós a todo o que nos debe;

e non nos sometamos á tentación.

Logo continuou:

- Botade de conta que un de vós ten un amigo, que vos presentades na casa del pola noite, fóra, e que lle dicides: "Amigo, déixame tres bolos de pan, que me veu un amigo de viaxe, e non teño nada que lle poñer diante". E que aquel, desde dentro, responde: "Non me amoles, está a porta pechada, eu e mailos nenos estamos na cama: non me podo erguer agora para chos dar". Desde logo que, se non se levanta para llos dar por se tratar dun amigo, alomenos por ser teimudo, erguerase e hallos dar.

Por iso dígovos: "Pedide e recibiredes, buscade e atoparedes, petade a abrírasevos. Que todo o que pide, recibe; o que busca, atopa; e a quen peta, abríraselle".

Ou logo, que pai hai entre vós que, se o seu fillo lle pide un peixe, lle dá unha cobra? Ou se lle pide un ovo, dálle un alacrán? Pois se vós, sendo ruíns, ben lles sabedes dar cousa boas aos vosos fillos, ¡canto máis o Pai celestial dará o Espírito Santo aos que llo pidan!.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



A ORACIÓN DE CADA DÍA

PROFESIÓN DA FE

Celebrante *Cal é a nosa fe?, cales son os nosos feitos?, cales as nosas palabras?, que é o verdadeiramente importante para nós?. Deamos resposta compartindo o noso Credo en oración*

♪ ***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

Monitor/a:

Credes en Deus Pai,

no deus que merece ser santificado no seu nome?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes en Xesús Cristo,

que nos anuncia a cercanía do Reino
e nos convida a pedirlllo ao Pai?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes no Espírito Santo,

que Deus non nega a quen llo pide
para guiarse nos camiños da vida?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes na Igrexa,

comunidade que quere vivir con intensidade
a súa relación de especial intimidade con Deus,
intercedendo ante El polas necesidades
e arelas do mundo?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Co bo exemplo das palabras e dos feitos de Xesús queremos rezar dende o corazón. Facémolo confiando na súa palabra e dicimos:*

Escoita Señor a nosa oración

Monitor/a:

- ✓ Pedimos pola igrexa para que leve a vida á oración, e faga da oración unha maneira de vivir. Oremos
- ✓ Pedimos para que coma cristiáns acertemos a estar á beira de quen nos necesita. Oremos
- ✓ Pedimos pola parroquia para que descubramos que xa non é tempo de criticar e separar, senón de unir, achegar e alentar. Oremos
- ✓ Pedimos para que a nosa oración sexa comprometida, transformadora e solidaria cos problemas de todos. Oremos
- ✓ Pedimos por todas as persoas que hoxe ninguén quere escoitar, polas que se senten marxinadas, polas que viven en soidade, polas que non ven respectados os seus dereitos de vivir en paz. Oremos

Celebrante: *Señor, noso Pai, nestas pregarías poñemos corazón. Fainos comunidade de crentes capaces de aventurarse no teu camiño e na túa vida. Por Cristo, Noso Señor. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Repetimos a oración que Xesús nos ensinou no evanxeo de hoxe, pero queremos facelo sen rutina e sabendo o que dicimos co corazón, só así valen a pena estas palabras que lle escoitamos a Xesús:*

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante: *A oración empeza por escoitar e acoller a todos. Trátase dunha maneira de vivir.*

Acollendo e escoitando facemos oración verdadeira, e acollendo e escoitando facemos da paz a consecuencia inmediata e irrenunciable de quen ora ao Deus que ama e perdoo. Así compartimos a paz.

🎵 **Fagamos a paz irmáns**

COMUÑÓN

Celebrante: *A Comuñón é a expresión do Deus que nos dá o pan de cada día, non para fartar fames, senón para quen quere compartir a experiencia de Deus. O pan só, sempre enche, mais só alimenta o corazón cando se comparte. Ditosos nós convidados a esta vida e a este pan do Señor.*

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **Acharte presente na vida**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor,
ti que alumas o corazón de todos
para que descubran os camiños do teu fogar,
modela os nosos corazóns e a nosa vida
para sermos comunidade
que vive na festa do trato amistoso contigo,
por Cristo Noso Señor amén. Amén

Xesús non se cansará de repetirnos que non hai amor a Deus sen amor ao próximo; ensinándonos que as palabras, cando non teñen corazón, non serven máis que para ser lareteiros.

Que as palabras coas que hoxe temos rezado nos dean azos para vivir dende a tolerancia e o respecto con quen pensa, vive e cree diferente.

Avísase das misas (ver folla do mes)

*Que teñamos un bo día, unha boa semana e o Señor nos bendiga,† nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén
Podémonos ir en paz. Dámoslle grazas a Deus*



“Cando recedes, dicide:
Pai ...”

Palabras de Xesús no evanxeo de hoxe